- La Comisión Permanente ha aprobado los **temas** que la Conferencia Episcopal Española **va a presentar a la secretaría general del Sínodo de los obispos** como propuesta para poder ser debatidos en la próxima Asamblea General Ordinaria. Los obispos españoles han remitido sus aportaciones, así la Permanente ha elegido entre los temas más sugeridos.

De momento no está fijada la fecha del próximo Sinodo, pero la Santa Sede, siguiendo un procedimiento habitual, ya ha pedido a distintas conferencias episcopales, entre ellas a la CEE, sus oportaciones. Estas propuestas, unidas a la opinión del Consejo Ordinario de la secretaría general, se entregarán al Papa **Francisco** para que elija el tema que definitivamente se abordará en la próximo Asamblea.

- La CVI Asamblea Plenaria (16-20 de noviembre de 2015) aprobó el nuevo Plan Pastoral 2016-2020. El pasado 22 de enero la CEE convocó una Jornada de ayuno y oración en el comienzo de este **Plan Pastoral**. En estos días, la Comisión Permanente ha dialogado sobre su **puesta en marcha**, teniendo en cuenta el objetivo concreto que el documento establece para este año 2016: "La Iglesia, anunciadora y fermento del reino de Dios". Así, en este primer año del Plan Pastoral, y en el marco del 50º aniversario de la CEE, se proponen una serie de acciones para reconocer lo que se está haciendo y poner a los órganos de la conferencia episcopal en estado de revisión, conversión y misión.

- El obispo de León, Mons. **Julián López Martín**, ha informado sobre el **51º Congreso Eucarístico Internacional** que ha tenido lugar, del 24 al 31 de enero, en Cebú, Filipinas, sobre el tema: "Cristo en ustedes, esperanza de gloria". El prelado, como obispo delegado para los Congresos Eucarísticos, ha representado a la CEE.

Convenio Fundación ENDESA

La Comisión Permanente ha aprobado las **ayudas** concedidas con cargo al convenio con la **Fundación ENDESA** para la iluminación de las siguientes catedrales y otros templos, por un total de **218.170,00 €.**

- Iglesia Conv. del Monasterio de Monte Sión, Barcelona
- Catedral de Ntra. Sra. de la Merced, Huelva
- Iglesia Parroquial de Santa María, Orihuela (Alicante)
- Colegiata de Pastrana (Guadalajara)
- Iglesia de San Jaime Apóstol, Riudoms (Tarragona)
- Iglesia de San Miguel Arcángel, Montblanc (Tarragona)
- Catedral de Santa María, Vitoria-Gasteiz

Temas de seguimiento y nombramientos

También se ha aprobado el temario de la CVII Asamblea Plenaria, que tendrá lugar del 18 al 22 de abril. El orden del día se ha completado con las infor-

maciones de los presidentes de las distintas comisiones; informaciones económicas y sobre diversos temas de seguimiento.

Además han aprobado los siguientes **nombramientos**:

> Mons. **Ginés García Beltrán**, obispo de Guadix, ha sido nombrado Consiliario de la Asociación Católica de Propagandistas.

> Sra. Dª. **Rosa María Cenalmor Expósito**, laica de la Diócesis de Ávila, reelegida Presidente Nacional de la "Asociación de Caridad de San Vicente de Paul".

> Sr. D. **Manuel de los Reyes López,** laico de la Archidiócesis de Madrid, como Presidente de la Asociación de Profesionales Sanitarios Cristianos (PROSAC).

> Rvdo. D. **Juan Robles Diosdado**, sacerdote diocesano de Salamanca, como Presidente de la Asociación de Sacerdotes de la O.C.S.H.A.

3.2. AUMENTA A CANTIDADE DESTINADA POLOS CONTRIBUÍNTES Á IGREXA CATÓLICA. DECLARACIÓN DA RENTA 2015 (IRPF 2014)

La Iglesia católica ha visto aumentar en la Declaración de la Renta 2015, tanto el número de declarantes que marcan la X a favor de la Iglesia católica, con 23.174 nuevas declaraciones, como la cantidad que los declarantes destinan a la Iglesia católica, que por primera vez supera los 250 millones de euros (250,3), desde que comenzó la crisis.

*** La cantidad destinada por los contribuyentes a través de su declaración de la Renta supera los 250 millones de euros (250,3), 2,7 millones más que en la campaña anterior.**

*** El número de declaraciones que marcan la X a favor de la Iglesia aumenta en 23.174.**

*** Continúa el trabajo para que aumente el número de X en la Declaración de la Renta y también el esfuerzo por explicar a qué fines se dedica el dinero de la Iglesia.**

El aumento de la renta disponible, ha permitido aumentar tanto el número de declaraciones a favor de la Iglesia como la cantidad que los españoles destinan de sus impuestos a favor de la Iglesia católica. En cuanto al porcen-

taje se mantiene similar al de años anteriores: en el territorio de la Agencia Tributaria, sin incluir las Haciendas Forales está ligeramente por encima del 35% de las declaraciones presentadas, y ha pasado del 35,20% en 2013 al 35,11% en 2014. En el conjunto de la nación, el porcentaje de declaraciones a favor de la Iglesia se mantiene en relación al año anterior, pasando del 34,88% en 2013 al 34,76 % (-0,12%).

En este sentido se pueden realizar dos valoraciones, en primer lugar que el aumento de las declaraciones presentadas a favor de la Iglesia y de la cantidad consignada, aunque es un incremento pequeño, es positivo pues viene marcado por el inicio de la recuperación económica en España, lo que ha supuesto una leve mejora a nivel recaudatorio. Por otro lado, el porcentaje indica que todavía es posible concienciar a más personas de la actividad de la Iglesia para que destinen una parte de sus impuestos, sin pagar más y sin que le devuelvan menos, a la actividad pastoral, social y caritativa, en suma evangelizadora, qu e realiza la Iglesia.

En números absolutos, se presentaron 7.291.771 declaraciones con la X de la Iglesia católica, mientras que en el ejercicio anterior, de 2013, fueron 7.268.597 (un aumento de 23.174 declaraciones a favor de la Iglesia).

Datos por comunidades autónomas

Conviene destacar que en 14 de las 17 comunidades autónomas se ha incrementado el importe asignado en euros a la Iglesia Católica, siendo las más importantes: Madrid, Andalucía, Cataluña y Valencia. Por su parte, las comunidades autónomas donde más se marca la casilla de la Iglesia en la declaración de la renta son: Castilla-La Mancha, Murcia, Extremadura y la Rioja, superando todas ellas el 46%. Por encima del 50% de asignación se ubican cuatro provincias: Ciudad Real (55,37%), Cuenca (51,14%), Jaén (50,62) y Badajoz (50,10%).

Otras categorías

Por primera vez la Agencia Tributaria nos ha facilitado datos sobre la asignación por tramos de edad, por sexo del primer declarante así como los datos de las declaraciones conjuntas.

De estos datos se desprende que el número de declaraciones a favor de la Iglesia católica según el sexo muestran una cierta igualdad, si bien las declaraciones de mujeres (35,35%) superan a las de hombres (34,93%). Lo mismo ocurre cuando las declaraciones son conjuntas (37,23%) a favor de la Iglesia, mientras que las individuales tienen casi dos puntos menos (34,55%).

XTANTOS que necesitan tanto

Cada año, la Iglesia católica realiza en España un mayor esfuerzo por dar a conocer su actividad al servicio de la sociedad española. La presentación de la memoria de actividades de la Iglesia busca mostrar de forma clara y exhaustiva, en qué invierte la Iglesia el dinero que cada año recibe de los contribuyentes que han marcado la casilla de la Iglesia católica en su Declaración de la Renta. Es el compromiso de la Iglesia a favor de la transparencia y también como muestra de gratitud a quienes manifiestan su confianza en la Iglesia de esta manera.

Por otro lado ese agradecimiento se extiende también a todos aquellos que colaboran en su sostenimiento a través de las colectas o las suscripciones, que continúan siendo absolutamente indispensables. También a través de colectas extraordinarias como las del DOMUND, el Día de la Iglesia diocesana, o Manos Unidas.

Se pretende que cada vez sean más los que conozcan la vida de la Iglesia y la apoyen marcando la X en la Declaración de la Renta, sabiendo que su contribución será utilizada para sostener las actividades de la Iglesia con los niveles de eficacia y austeridad que acompañan las iniciativas de toda la Iglesia. Se sostiene así la labor religiosa y espiritual de la Iglesia, que incluye una dimensión social sobresaliente, por ejemplo con el acompañamiento a miles de personas desasistidas o con la formación de millones de personas en virtudes y valores que contribuyen al equilibrio en la sociedad. Todo ello surge de las vidas entregadas y de la generosidad suscitada en quienes han encontrado su esperanza en la misión de la Iglesia.

Es la decisión personal de los contribuyentes a la hora de marcar la casilla la que define la capacidad de la Iglesia de seguir realizando su servicio a la sociedad y al bien de cada uno de sus miembros. Pueden continuar haciéndolo marcando la X de la Iglesia católica y también, conjuntamente, la de "Otros fines sociales". Ninguna de las dos opciones significa que el contribuyente vaya a tener que pagar más ni que le vayan a devolver menos.

3.3. AUMENTA O NÚMERO DE SEMINARISTAS ORDENADOS DE 117 A 150 EN 2015

Las ordenaciones sacerdotales, que son el fruto del Seminario, han crecido de los 117 nuevos sacerdotes del 2014, a los **150 ordenados en 2015.** En España hay 1.203 seminaristas menores, en edades adolescentes, y 1.300 seminaristas

mayores que durante el curso 2015-2016 estudian filosofía y teología. El curso pasado eran 1.142 y 1.357 respectivamente.

Este incremento de ordenaciones ayuda a entender la disminución de los seminaristas mayores en este curso. En el curso 2015-2016 hay un total de 1.300 seminaristas mayores.

En este curso se aprecia el aumento del número de ordenaciones: las nuevas entradas al Seminario mayor en el curso 2015-2016 han sido de 270 y de ordenados 150. Este curso se han ordenado 33 más que en el curso anterior. En 2014 los ordenados fueron 117; en 2013, 131; 130 en 2012 y 122 en 2011.

El total de en 2014-2015 fue de 1.357, cifra que consolidó el aumento de aspirantes al sacerdocio por cuarto año consecutivo. En el curso 2012-2013 (1.307 seminaristas) 2011-2012 (1.278 seminaristas).

En el curso 2015-2016 han ingresado en los seminarios mayores españoles 270 nuevos seminaristas. En los seminarios menores las entradas nuevas han sido de 370. En 2014-2015 fueron 262 las entradas en el seminario menor. El total de estudiantes en los seminarios menores en 2015-2016 es de 1203.

"Enviados a reconciliar"

Estos datos se hacen públicos coincidiendo con la celebración del Día del Seminario, el 19 de marzo. La Comisión Episcopal de Seminarios y Universidades ha editado los materiales para celebrar el Día del Semanario que, en el Año de la Misericordia, lleva por lema "Enviados a reconciliar". El Día del Seminario se celebra el día de san José , 19 de marzo, y en las diócesis en las que no se celebra esta festividad, el domingo más cercano. En esta ocasión, la celebración se adelanta al 13 de marzo para que no coincida con el domingo de Ramos, que es el domingo más próximo.

El "Día del Seminario" se viene celebrando desde el año 1935 con un mismo objetivo: suscitar vocaciones sacerdotales mediante la sensibilización, dirigida a toda la sociedad, y en particular a las comunidades cristianas.

Para ello, la Comisión Episcopal de Seminarios y Universidades prepara unos materiales sobre la Jornada para apoyar al subsidio litúrgico, la reflexión teológico-pastoral, y la catequesis, tanto de adultos como de niños, adolescentes y jóvenes.

Además, el obispo presidente de la Comisión, Mons. **Joan Enric Vives**, explica que en este año Jubilar de la Misericordia, "Jesús lo quiere hacer llegar

a todos, a través de sus sacerdotes. La Iglesia nos transmite el amor de Dios y su perdón, y lo hace especialmente por medio de sus sacerdotes. Ellos son los brazos que sostienen, el corazón que late, el abrazo que reconcilia y abre al encuentro con Dios. Ellos son la voz de la Palabra, para que todos conozcan cuánto se les ama y acoge por parte de Dios. El sacramento del perdón es un encuentro maravilloso, entre Dios, que nos quiere perdonar, y nosotros que, arrepentidos, volvemos a Él. Y los sacerdotes son el abrazo del Padre para todos, como bien ilustra el cartel del Día del Seminario 2016".

3.4. NOTA DOS BISPOS DE GALICIA ANTE A SOLEMNIDADE DE SAN XOSÉ

La persona y la vida de San José tienen en la historia de nuestra salvación una importancia que ha sido reconocida siempre por la sagrada Liturgia y las leyes canónicas al proponer su fiesta como día de precepto (cf. canon 1246). Tradicionalmente el pueblo cristiano ha secundado esta norma dando un significativo realce familiar y social a la fiesta del 19 de marzo.

En el presente año de 2016, **este día ha sido declarado laborable en la Comunidad Autónoma de Galicia**. Ante la necesidad de fijar claramente el tratamiento que dicha fiesta debe tener por parte de la comunidad católica, los obispos de la Provincia Eclesiástica de Santiago **hemos acordado mantener en las diócesis respectivas el carácter festivo de este día**.

En consecuencia, y para conocimiento de los fieles, disponemos:

1. **Mantener el 19 de marzo, solemnidad de San José, fiesta de precepto**, con la obligación de participar en la Santa Misa, aunque sea laboralmente hábil.

2. Aquellos fieles que tengan jornada laboral ordinaria quedan dispensados del precepto, aunque se les pide y recomienda vivamente la participación en la Eucaristía de ese día de fiesta dedicado a San José, esposo de la Virgen.

3. Pedir, igualmente, a los párrocos y rectores de iglesias que informen a los fieles con antelación de estas decisiones y **acomoden en lo posible los horarios de misas** a las posibilidades y necesidades de los fieles.

4. Al coincidir la celebración del **Día del Seminario** con la festividad de San José, la oración y la colecta para el Seminario diocesano serán trasladadas a la tarde del sábado, día 12, y al domingo, día 13 de marzo.

5. Respecto a la celebración después de la hora nona del día 18 de marzo, de acuerdo con las indicaciones del Calendario Litúrgico Pastoral de la Conferencia Episcopal Española, se celebrará misa vespertina de la Solemnidad de San José. Para la misa vespertina del día 19 de marzo se utilizará el formulario del Domingo de Ramos.

+ Julián, Arzobispo de Santiago.
+ Luis, Obispo de Tui-Vigo.
+ Alfonso, Obispo de Lugo.
+ José Leonardo, Obispo de Ourense.
+ Jesús, Obispo Auxiliar de Santiago.
+ Antonio, Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol.

4.1. CHANCELERÍA SECRETARÍA XERAL
4.1.1. Nomeamentos

4.2. SECRETARIA DIOCESANA DE PASTORAL
4.2.1. Carta a todos os diocesanos
4.2.2. Carta a todos os sacerdotes
4.2.3. Carta do Secretario

4.3. DELEGACIÓN DO CLERO
4.3.1. Carta do Delegado a todos os sacerdotes

4. IGREXA DIOCESANA

4.1. CHANCELERÍA SECRETARÍA XERAL

4.1.1. Nomeamentos

O Ilmo.Sr. D. Antonio Rodríguez Basanta, Administrador Diocesano de Mondoñedo-Ferrol, efectuou os seguintes nomeamentos:

– confirmou ó Sr. D. César Carreño Yáñez, como Presidente de la Junta General de Cofradías y Hermandades de la Semana Santa de Ferrol

– confirmou á Sra Dª María del Carmen López, como Hermana Mayor la Hermandad de Mujeres de la Santa Cruz de Viveiro.

4.2. SECRETARIA DIOCESANA DE PASTORAL

4.2.1. Carta a todos os diocesanos

Febreiro 2016.

Benquerido/a amigo/a:

Inmersos no Ano Santo da Misericordia, a nosa diocese está a ofrecer unha serie de actividades para poder vivir con máis hondura este xubileo.

Unha das iniciativas que se nos propoñen é uns días de ***Exercicios espirituais no Seminario de Mondoñedo:***

- *Datas: 11, 12 e 13 de marzo.*

- *Destinatarios: catequistas, axentes de pastoral, calquera persoa que queira ter unha experiencia duns días de oración, de encontro con Deus e consigo mesmo, neste camiño cara á Pascua que estamos a vivir.*

- *Prezo da estancia:*
  P.C. habitación doble: 30 euros por persoa; habitación individual: 35 euros
  Media pensión habitación doble: 24 euros por persoa; habitación individual: 30 euros
  Comida só: 9 euros

A acollida farase o venres 11 a partires das 19.30 h, rematando o domingo ás 13 h. O día forte é o sábado, polo que se non podes incoporarte antes, podes facelo o sábado ás 10 h.

Para apuntarse podes facelo no enderezo electrónico que aparece no inicio desta carta; recorda facelo antes do día 05 de marzo. Isto é importante xa que o grupo que está na preparación dos Exercicios como os traballadores do Seminario precisan sabelo uns días antes para a organización deses días.

Máis nada, só que te animes a participar e invites a outros/as que poidan estar interesados. Recibe un cordial saúdo.

Antonio Valín Valdés

4.2.2. Carta a todos os sacerdotes

Foz, marzo 2016.

Benquerido compañeiro:

Novamente póñome en contacto contigo para mandarche información sobre o **Proxecto solidario do Ano xubilar.** Como recordarás, falabamos de asumir desde a diocese un proxecto de Mans Unidas, co que colaboraríamos desde as distintas comunidades, parroquias, grupos,… Cada un pode organizalo como queira: colecta mensual, colectas especiais, poñer unha boeta na igrexa,… de tal xeito que ao final do Ano xubilar remitamos todo á Delegación diocesana de Mans Unidas.

Estes son os datos do proxecto:

Compra dun coche ambulancia para Beleko en Mali (Africa occidental)

Importe total: 33.041 €

Á fronte do proxecto : Relixiosas Mª Inmaculada (Servizo Doméstico)

Benficiarios: directos (8880 persoas), indirectos (31080 persoas)

Para facilitar a recollida das aportacións que poidamos facer, desde a Delegación diocesana facilítannos este número de conta: **IBAN ES57 2080 0200 4430 4001 3449.** Recorda que á hora de facer os ingresos hai que poñer no concepto **Proxecto ambulancia.**

Máis nada polo de agora, recibe un cordial saúdo.

Antonio Valín Valdés

4.2.3. Carta do Secretario

Foz, marzo 2016.

Benquerido compañeiro:

Feliz Pascua de Resurrección! Recibe con esta felicitación todo o agarimo dos que estamos a colaborar na Secretaría Pastoral diocesana.

O motivo da presente carta é o de recordarche que temos aí, xa cercana, a vindeira convocatoria: **Encontro diocesano de Pascua.** Nesta ocasión vai ser un pouco distinto dos anteriores, pois queremos convocar ás persoas vencelladas a algunha delegación, grupo, comunidade relixiosa ou movemento apostólico (non é unha convocatoria xeral como os pasados anos). Este encontro chama aos delegados/as, aos equipos das delegacións e a aqueles que desde estes consideremos oportuno.

A data deste encontro é o **sábado 16 abril no Seminario de Mondoñedo.** Podemos apuntarnos ata o día 12, mandando un correo ao enderezo da Secretaría de Pastoral (que figura no membrete desta carta) ou no tno. 619019622.

Esta é a orde do día, aproximada:

10.30 h.	Acollida e Oración inicial
11.00 h.	Presentación da xornada. Secretaría de Pastoral Liñas de acción e retos na pastoral diocesana. Administrador diocesano, Antonio Rodríguez Basanta.
12.00 h.	Descanso – Café.
12.15 h.	Mesa redonda
14.00 h.	Xantar
16.00 h.	Encontro festivo: teatro
17.00 h.	Oración final e despedida

Recordade, que temos aí xa, a data da ordenación episcopal do novo Bispo: 07 maio ás 11 h. na Catedral mindoniense, e sería estupendo que as nosas delegacións diocesanos e grupos tiveran a súa presenza, así que ide gardando a data.

Máis nada, esperando vernos ese día para compartir como irmáns os nosos traballos e inquedanzas actuais e os retos do futuro, recibe unha cordial aperta.

Antonio Valín Valdés

4.3. DELEGACIÓN DO CLERO

4.3.1. Carta do Delegado a todos os sacerdotes

Estimado irmán sacerdote:

Remítoche esta carta para informar sobre varias accións que imos a realizar na nosa diocese proximamente:

1) Retiro coresmal para sacerdotes

Este ano, aproveitando a oportunidade que se nos brinda de ter entre nós a Mons. Raúl Berzosa, bispo de Ciudad Rodrigo, considerouse o ter un único encontro de retiro dirixido por el que tería lugar o día 3 de marzo, xoves, en Vilalba, no complexo parroquial. A distribución e horario do mesmo sería en principio o que segue:

Comezar sobre as 10:30 horas.

1ª meditación: Seguen a ser actuais as obras de misericordia?

Pequeno descanso.

2ª meditación: Que significa "misericordia" no Papa Francisco.

Adoración do Santísimo na igrexa parroquial.

Ó remate podemos xantar xuntos.

2) Misa Crismal

Como tódolos anos celebrarase a Misa Crismal o Martes Santo, que este ano será o 22 de marzo. Este ano 2016 correspóndelle á Catedral de Mondoñedo ser o lugar onde se celebre. Tamén nesta ocasión, dentro das accións promovidas durante este Ano da Misericordia, imos a comezar esta xornada de encontro fraterno dos sacerdotes un pouco antes, xuntarémonos no Semi-

nario para comezar ás 10:30h. cunha meditación sobre a misericordia. Despois haberá un tempo de descanso antes de ir para a Catedral onde celebraremos a Misa Crismal.

3) Congreso teolóxico-pastoral sobre o Sacramento da Penitencia

Con motivo do Ano Xubilar extraordinario da Misericordia os Sres. Bispos da Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela estimaron a necesidade de que os sacerdotes se actualicen teolóxica e pastoralmente sobre este sacramento. É por isto que se organizou este congreso que terá lugar os días 7 e 8 de marzo (luns e martes) no Instituto Teolóxico Compostelán. A entrada é libre. Quen queira máis información sobre o mesmo tena na páxina web da arquidiocese de Santiago: www.archicompostela.es Aparece na páxina de inicio e pódense descargar os horarios e carteis, aínda que o programa xa o teñen tamén na propia noticia. Se alguén non pode acceder a esta información tamén lla facilito eu.

4) Curso de Actualización para Sacerdotes

Como noutras ocasións, o Pontificio Colegio Español de San José de Roma ofrece a posibilidade de realizar un curso de actualización. O curso tería lugar desde o 31 de marzo, xoves de Pascua, ata o 0 28 de abril. Aqueles que estean interesados no mesmo falade co noso Administrador Diocesano, D. Antonio Rodríguez Basanta. Avisade canto antes, xa que as prazas son limitadas e asígnanse por rigoroso orde de chegada.

Recibe un cordial saúdo no Señor.

Óscar Santiago Sanmartín

XANEIRO

FEBREIRO

MARZO

5. CRÓNICA DIOCESANA

XANEIRO

Venres 1
Diocese
XORNADA MUNDIAL DA PAZ

Como sempre, o día primeiro do ano invitounos a poñer como bandeira o noso compromiso pola paz do mundo.

Son moitos os motivos que tivemos presentes nas homilías e oracións para conquerirmos un pouco máis de paz no medio de tantas liortas e atentados.

En todas as Eucaristías fixemos un pequeno esforzo por felicitar o novo ano cunha mellor convivencia para eses pobos máis amargados.

Luns 4
Vilalba
XUNTANZA DE "ESTUDIOS MINDONIENSES"

O Consello Directivo do noso Anuario Diocesano "Estudios Mindonienses" convocou unha xuntanza de reflexión sobre o próximo volume desta publicación que vai xa polo número 32, e que prestixia o traballo de moitos investigadores e informadores.

Hai xa material preparado para un novo volume, que será de notable extensión, e que espera contar co patrocinio dalgunha institución acreditada.

Xoves 7
Ferrol
FESTA DE SAN XIAO

A festa de San Xiao concentrou como cada ano a atención e a devoción da cidade de Ferrol, que ten a San Xiao como Patrono.

As celebracións relixiosas tiveron lugar na Parroquia de San Xiao, que se esforza por honrar con entusiasmo ao seu Patrono, e promovelo nos diversos actos de culto e manifestación popular.

Presidiu a celebración da Eucaristía solemne o noso Administrador Diocesano,

D. Antonio Rodriguez Basanta, acompañado polo clero e asociacións da cidade ferrolana.

Sábado 16
Viveiro
CENTENARIO DA ADORACION NOCTURNA

A sección da Adoración Nocturna de Viveiro promoveu unha solemne conmemoración do seu Centenario, xa que foi iniciada en 1916, e animada polo venerable Luis de Trelles, fundador da Adoración Nocturna en España.

O primeiro dos actos programados foi a conferencia de Milagros Otero Parga, Valedora do Pobo, sobre Luis de Trelles como defensor do pobo e liberador da xente oprimida.

O acto celebrouse no Teatro Pastor Díaz, e contou cunha notable asistencia de autoridades e do pobo vivariense, que sempre se sinte avaliado por este protagonista da devoción eucarística.

Actuou tamén a Coral "Alborada", e contnuarán os festexos nas diversas Parroquias da zona, con vixilias eucarísticas e outras iniciativas do programa "Adral".

Domingo 17
Diocese
XORNADA DO EMIGRANTE

Este ano a Xornada do Emigrante tivo un acento especial, marcado polo lema que propuxo o Papa Francisco: "Emigrantes e refuxiados interpélannos. A resposta do Evanxelio da misericordia".

Basta mencionar a palabra "refuxiados" para poñernos en camiño ata esas terras do Oriente en que tantos refuxiados tratan de encontrar algún camiño na súa fuxida

Luns 18
Diocese
OCTAVARIO POLA UNION DAS IGREXAS

Compartimos cada ano a oración de Xesús –"que todos sexan un"- para sentirnos unidos ás súas inquedanzas e os seus esforzos que tanras comunidades expresan nesta Semana da Unidade.

Hai na nosa Diocese moitos grupos e congregacións relixiosas interesadas no mundo do ecumenismo. Facemos nosas as súas noticias e esperanzas: "destinados a proclamar as grandezas do Señor"

Mércores 20
Ferrol
CONFERENCIAS DE "AULA ABERTA"

O Arciprestado de Ferrol organizou, como en anos anteriores, un ciclo de conferencias sobre temas relixiosos, titulado "Aula aberta", e que leva este ano o epígrafe: "O que lle está pasando á nosa casa".

A primeira conferencia foi pronunciada por Roberto Hermida Lorenzo, doctor en Bioloxía, sobre os "mandamentos verdes" que propón a Encíclica "Laudato si" do Papa Francisco.

Sábado 30
Begonte
CLAUSURA DO BELEN DE BEGONTE

O Belén que organiza cada ano a Parroquia de Begonte, con notable asistencia e publicidade, tivo a súa clausura oficial o sábado 30 de xaneiro, despois das múltiples visitas e actos festivos que alí se realizaron.

Mereceu así unha nova adhesión e un novo esforzo, para que o Belén de Begonte figure como estrela privilexiada do noso Nadal.

FEBREIRO

Martes 2
Diocese
XORNADA DA VIDA CONSAGRADA

Coa Festa da Presentación do Señor rematou o Ano da Vida Consagrada que celebramos en toda a Igrexa baixo a iniciativa do Papa Francisco.

El animou a todos os consagrados a "mirar ao pasado con gratitude, vivir o presente con paixón, e a abrazar o futuro con esperanza".

A nosa Diocese quixo agradecer, a través da publicación "Dumio", o traballo e sacrificio das 28 Comunidades relixiosas que prestan nela o seu servizo, facendo das súas vidas un testemuño de fidelidade e compromiso.

Así se fixo presente tamén nas dúas Eucaristías solemnes que se celebraron en Mondoñedo e Ferrol coa participación das Comunidades relixiosas invitadas.

Mércores 10
Diocese
INICIO DA CORESMA

O Mércores de Cinsa abriu un ano máis a porta da Coresma, que vivimos como preparación á Pascua de Xesús.

Este ano a mensaxe do Xubileo serviu para promover o espírito de misericordia que propoñen os textos litúrxicos, e para aproveitar mellor as celebracións penitenciais que se convocan nas Parroquias.

Xoves 11
Diocese
XORNADA MUNDIAL DO ENFERMO

A festa da Virxe de Lourdes é a mellor sintonía para compartir esta Xornada Mundial que adicamos cada ano aos enfermos e minusválidos. O lema deste ano foi : "Maria, icono de confianza e acompañamento".

A Delegación Diocesana de Pastoral da Saúde organizou unha Eucaristía con procesión na igrexa parroquial de Sta. Icía de Trasancos, presidida por unha imaxe da Virxe de Lourdes, traida do seu Santuario en Francia.

Xoves 11
Vilalba
XORNADA DE FORMACION DE CARITAS

A Delegación Diocesana de Caritas propuxo un Encontro na Casa Parroquial de Vilalba para diversos grupos que quixeron actualizar a súa información e o seu estilo de prestar acollida ás persoas sen fogar que pasan polo entorno.

O título desta Xornada, que se convocou tamén noutras zonas, é xa expresivo do seu contido: "Encontro de sensiblización no Territorio".

Domingo 14
Diocese
CAMPAÑA DE "MANS UNIDAS"

A campaña de "Mans Unidas" é unha das que máis impactan a nosa sensibilidade caritativa. Este ano tivo un lema moi incisivo: "Plántalle cara á fame. Sementa".

O proxecto para o que traballa a nosa Diocese é una instalación agropecuaria no nordeste de Guatemala.

Así se iniciou a campaña, cunha serie de actos e colectas que tiveron o seu manifesto na Parroquia de Santo Domingo de Ferrol.

Domingo 14
Ferrol
RETIRO ARCIPRESTAL DE CORESMA

O Arciprestado de Ferrol convocou aos grupos parroquiais da cidade para uhna xornada de Retiro espiritual con motivo da Coresma.

Dirixiu esta xornada de Retiro o actual Arcipreste de Ferrol D.Gonzalo Folgueira Fernández, que propuxo o tema: "Conversión e Ecumenismo".

Tamén se celebrou outra xornada semellante no Arciprestado de Narón, co título: "Os Sacramentos, canles da misericordia de Deus". Foi dirixida polo Administrador Diocesano, D. Antonio Rodriguez Basanta.

Mércores 24
Diocese
VISITA AO CENTRO PENITENCIARIO

Con motivo do Ano da Misericordia un grupo de 12 sacerdotes do Arciprestado de Ferrol programou unha visita ao Centro Penitenciario de Teixeiro para poñerse en contacto cos reclusos alí residentes, e coñecer mellor o modo de practicar con eles esta obra de misericordia.

A experiencia foi aleccionadora e serviu de estímulo para outros contactos semellantes no campo pastoral.

Venres 26
Foz
FESTA DA SOLIDARIEDADE

O Colexio "Martinez Otero" de Foz organizou a súa !5ª "Festa da Solidariedade", coa que pretende sensibilizar á comunidade educativa sobre o problema da fame no mundo.

Fíxose unha campaña de información cun video promocional sobre a situación do Senegal: "Senegal, donde nadie llega". Houbo tamén outros xestos simbólicos, como o "bocata solidario", a rifa, e a decoración das aulas e patios con motivos da campaña.

Sábado 27
Viveiro
RETIRO DA DELEGACION DE LAICOS

Os laicos da nosa Diocese foron convocados para unha xornada de retiro espiritual na "Casa Betania" de Viveiro con motivo da Coresma.

Foi animado este Retiro por Juan Manuel Basoa Rodriguez, que presentou un relatorio sobre "La misericordia en el Sacramento de la Penitencia".

Houbo tamén un tempo de adoración eucarística, unha celebración do Sacramento da Reconciliación e unha Eucaristía na igrexa da Misericordia, para gañar as indulxencias do Xubileo .

Sábado 27
Vilalba
FESTIVAL SOLIDARIO

O grupo de Mans Unidas da Parroquia de Vilalba organizou o seu 6º Festival Solidario, que se celebrou no Auditorio Municipal, cunha asistencia masiva, e un programa de alta calidade artíistica, no que participou a Rondalla "Añoranzas" de Ferrol, diversos grupos de danza e cantores, e un ilusionista.

O resultado económico deste Festival foi de 3.022 euros, que foron entregados,xunto coa colecta de 770 euros da Parroquia, para un proxecto agropecuario en Guatemala.

MARZO

Martes 1
Diocese
FESTA DE SAN ROSENDO

O Patrono da nosa Diocese, San Rosendo, foi homenaxeado no día da súa festa coas diversas oracións e cantos que se lle adican en moitas Parroquias e comunidades.

Tamén foi honrado na Catedral de Mondoñedo cunha Misa solemne presidida polo Administrador Diocesano e o Cabido da Catedral, e acompañada por grupos de xente que evocaron a súa memoria e intercesión.

Mércores 2
Viveiro
PROGRAMA "ADRAL 2016"

A Xunta de Cofradías da Semana Santa de Viveiro editou un libro programa para presentar os actos e celebracións da Semana Santa, con diversas reportaxes e comentarios que xustifican a súa declaración de Interese Turístico Internacional.

Precisamente nese día 2 tivo lugar unha Conferencia de Mons. Raúl Berzosa, Bispo de Ciudad Rodrigo, na igrexa de Sta. María, co título: "La Eucaristía, fuente y sustento de la Misericordia".

Seguiron logo no programa moitos concertos musicais, predicacións e procesións, que prepararon o ambiente e o espírito para a Semana grande, vivida en plenitude nesta cidade.

Xoves 3
Vilalba
RETIRO SACERDOTAL CON MONS. RAUL BERZOSA

Aproveitando a estancia de Mons. Berzosa na nosa Diocese organizouse unha xornada de Retiro espiritual para os sacerdotes na Parroquia de Vilalba, cun programa orientado especialmente a destacar e afondar o Xubileo da Misericordia

Os temas que presentou Mons. Berzosa neste Retiro foron: 1) "El rostro misericordioso del Padre" – 2) "Vivir cada día el Evangelio de la Misericordia"

Venres 4 - Sábado 5
Diocese
"24 HORAS PARA O SEÑOR"

Foron numerosas as Parroquias que acolleron a iniciativa do Papa de adicar nos días 4 e 5 de marzo unha xornada continua á adoración da Eucaristía e ao Sacramento da Penitencia, co título "24 horas para o Señor" ,

Publicáronse con ese motivo os horarios e lugares de adoración na cidade de Ferrol e noutras Parroquias, para garantizar esa presencia continuada e favorecer "un momento de intensa oración e redescubrir o sentido da propia vida"

Martes 8
Ferrol
A IGREXA DO CARME REHABILITADA

Despois de varios meses nos que a Igrexa da Parroquia do Carme en Ferrol estivo pechada por obras de rehabilitación, abríronse novamente as súas portas para acoller os cultos e actividades que ten programadas esta Parroquia, no pleno centro da cidade.

Durante o tempo en que se realizaron as obras de rehabilitación os cultos celebráronse noutro lugar acondicionado da propia Parroquia.

O presuposto das obras de rehabilitación superou os 80.000 euros, a parte dos traballos e servizos aportados polos propios fregueses.

Venres 11
Ferrol
PREGÓN DA SEMANA SANTA

A cidade de Ferrol luciu tamén este ano a súa categoría de Interese Turistico Internacional con motivo da Semana Santa, que acreditan os seus cultos e procesións e as imaxes que nelas se veneran.

Este ano o pregoeiro que se encargou de promocionar estes valores foi D. Emilio Fernandez Díaz, Profesor de Historia da Arte no Colexio "Tirso de Molina" de Ferrol.

Sábado 12
Mondoñedo
ENCONTRO DIOCESANO DE CORESMA

Os sacerdotes e grupos parroquais foron invitados pola Secretaría Diocesana de Pastoral para un Encontro de Coresma que se realizou no Seminario e na Catedral de Mondoñedo durante o día 12 de marzo.

Houbo un tempo de reflexión no Seminario. Logo pasouse á Catedral para ter alí unha celebración do Perdón coas oportunas suxerencias e confesións.

Despois do xantar ofreceuse tamén no Seminario unha representación teatral da Paixón do Señor.

Domingo 13
Diocese
DIA DO SEMINARIO

Este ano a celebración do Día do Seminario, anticipada na súa data habitual -que é a Festa de S. Xosé- ofreceunos unha nova e intensiva chamada para espertar novas vocacións ao sacerdocio, que tanto precisamos neste mundo secularizado.

O lema proposto -"chamados a reconciliar"- sinala unha das funcións máis representativas e evanxelizadoras dos sacerdotes, que é o sacramento da Reconciliación.

A nosa Diocese encóntrase neste tempo co Seminario case baleiro de vocacións. E por iso ten que chamar aos nosos corazóns para que lle axudemos.a recuperarse.

Mércores 16
Diocese
ANUNCIO DO NOVO BISPO

Por fin, despois de 10 meses de "sé vacante", por ausencia de Bispo titular, publicouse a noticia de que foi nomeado como novo Bispo da nosa Diocese o P. Luis Angel de las Heras Berzal, misioneiro claretiano, natural de Segovia, e na actualidade Presidente da CONFER España (Conferencia Española de Relixiosos) e Superior da provincia de Santiago dos misioneiros Claretianos.

"Bendito o que vén no nome do Señor!"

Sábado 19
Diocese
FESTA DE SAN XOSÉ

O Santo Patriarca da nosa igrexa non quedou esquecido este ano por celebrarse a súa festa en día laborable.

As moitas Parroquias e institucións que o teñen como Patrono seguiron aclamando a súa fidelidade e o seu humilde traballo. E naturalmente seguiron tamén pedindo a súa valiosa intercesión.

Domingo 20
Diocese
INICIO DA SEMANA SANTA

A Semana Santa ofreceunos unha vez máis a oportunidade de contemplar e vivir o drama da nosa redención. Así o proclamou o Papa Francisco no Domingo de Ramos: "A cátedra de Deus é a Cruz".

As nosas Parroquias tiveron neses días unha notable asistencia e colaboración, aínda que as inclemencias do tempo impediran os cultos exteriores e moitas das procesións que estaban programadas.

En calquera caso esta Semana Santa axudounos a proclamar que nada pode ensombrecer o amor de Deus e a súa misericordia.

Martes 22
Mondoñedo
MISA CRISMAL

Un dos actos peculiares da Semana Santa foi a Misa Crismal na que se consagra o Santo Crisma e os Santos Oleos para todas as Parroquias da Diocese.

Este ano a Misa Crismal celebrouse na Catedral de Mondoñedo, e foi presidida por Mons. Alfonso Carrasco, Bispo de Lugo, coa participación de moitos sacerdotes e fieis das Parroquias.

Previamente houbo para os sacerdotes un tempo de reflexión e de convivencia no Seminario. Leuse tamén un saúdo do novo Bispo electo da Diocese, Mons. De las Heras, "alegre por estar cada vez más cercano el momento de encontrarme entre vosotros"

Martes 29
Diocese
PRIMEIRO ENCONTRO CO BISPO ELECTO

O Administrador Diocesano, D. Antonio Rodriguez Basanta, e os membros do Colexio de Consultores da nosa Diocese trasladáronse neste día 29 á Casa de Exercicios dos Claretianos en León para ter alí un primeiro encontro co noso Bispo electo, Mons. De las Heras, e organizar os actos de toma de posesión e consagración episcopal, previstos para o día 7 de maio.

Alí unha vez máis el expresou o seu compromiso de "facer camiño como pastor da nosa Igrexa con paixón, misericordia e esperanza fundadas en Xesucristo".



“AMENCER” – REVISTA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO-FERROL – NÚMERO 231 – MONDOÑEDO

6. PUBLICACIONS

"AMENCER" – REVISTA DO SEMINARIO DE MONDOÑEDO-FERROL – NÚMERO 231 – MONDOÑEDO 2016

Outro número da revista "Amencer" segue dándonos conta de que a cultura mantén con fidelidade o nome e o prestixio do noso Seminario.

Este número, que corresponde a xaneiro-marzo de 2016, está adicado como homenaxe ao poeta e escritor Manuel María, a quen a Academia Galega sinalou como protagonista do Día das Letras Galegas en 2016.

Despois dun breve prólogo –"a xeito de cancela"- aparece unha sembranza do poeta Manuel María (Manuel María Fernández Teixeiro) escrita por Alfonso Blanco Torrado, cunha notable calidade de datos e de perspectivas que nos ofrecen un retrato de alta calidade deste poeta da nosa chaira.

Tamén arriquece esta sembranza unha entrevista con Saleta Goi, esposa de Manuel María, que tan intimamente acompañaba os seus poemas e sentimentos.

Por último aparecen seis colaboracións doutros escritores que nos presentan aspectos máis concretos das afeccións e dos encontros que Manuel María foi protagonizando, recollidos nos testemuños de Xosé Manuel Carballo, Antonio Reigosa, Xulio Xiz e Felix Villares.

Sen dúbida que este "Amencer" daralle aínda máis luz mañaneira á figura de Manuel María como poeta da nosa terra.



D. SALUSTIANO PEDRE LOBEIRAS

7. NA PAZ DO SEÑOR

D. SALUSTIANO PEDRE LOBEIRAS

Morreu este sacerdote na cidade de A Coruña, onde residía desde hai moitos anos, vinculado ao seu traballo docente e á Parroquia de San Nicolás, onde prestaba tamén os seus servizos.

Nacera D. Salustiano na Parroquia de Couzadoiro o 6 de xaneiro de 1938. Fixo es estudios eclesiásticos no Seminario de Mondoñedo, e ordenouse como sacerdote o 6 de xuño de 1964.

Estivo adicado inicialmente á Parroquia de Cariño, mentres realizaba tamén os estudios de Maxisterio. Prestou servizo como Profesor en diversas localidades, e ultimamente pasou a residir na cidade de Coruña. Alí vinculouse especialmente á Parroquia de S. Nicolás, onde mereceu un notable agradecemento polos seus13 anos de servizos pastorais.

O seu funeral celebrouse nesta Parroquia o 30 de marzo, con esquelas que recollen o seu recordo: "*siervo fiel y solícito, pasa al banquete de tu Señor".*

Bispado de Mondoñedo-Ferrol
Miramar, s/n (Apdo. 176)
15480 FERROL
www.mondonedoferrol.org
mcs@mondonedoferrol.org